



ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE:
“MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINA-
DAS E ARBOLADO VIARIO DO MUNICIPIO DE PONTEVEDRA”

Informe de valoración do sobre B (Criterios cuantificables por xuízo de valor)

INFORME:

Pola presente, quenes subscriben teñen a ben informar, en relación ó asunto referenciado, o seguinte:

Unha vez abertas as proposicións do SOBRE B (Criterios cuantificables por xuízo de valor) presentadas polas OITO (8) empresas admitidas no procedemento aberto para a contratación do “Mantemento e conservación de determinadas zonas axardinadas e arbolado viario do municipio de Pontevedra”, procedeuse á súa valoración de acordo cos criterios obxectivos enunciados na cláusula correspondente do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe o citado procedemento.

Estos criterios cuantificables por xuízo de valor son textualmente, os seguintes:

1. MEMORIA EXPLICATIVA DEL SERVICIO: PROGRAMAS DE GESTIÓN..... de 0 a 22 puntos.

Los licitadores presentarán una memoria en la que, respecto de cada Programa de Gestión (según cuadro adjunto):

- Expliquen la organización; asigne los medios humanos, maquinaria y materiales idóneos; y la metodología para llevar a cabo las tareas correspondientes **a cada programa**.
La presentación de la memoria, por lo que a este contenido mínimo se refiere, resulta obligada, con el fin de comprobar la viabilidad de la propuesta y el cumplimiento de las condiciones mínimas establecidas según los pliegos. De este modo, su omisión supondrá la desestimación de la oferta en su conjunto.
- Propongan mejoras encaminadas a un incremento de las prestaciones, mayor nivel de exigencia de los trabajos, etc. Deben quedar perfectamente definidas en cada uno de los programas, indicando los parámetros establecidos en pliego de prescripciones técnicas y a continuación los nuevos parámetros ofertados. Asimismo, deberá aportarse un cuadro resumen final en el que se especifiquen.

Cada programa de gestión debe seguir la estructura definida en el Anejo 5 (Modelos de los programas de gestión) del pliego de prescripciones técnicas, así como su contenido mínimo. La falta de algún apartado en los programas de gestión de los especificados en dicho anejo, tendrá como resultado la valoración con 0 puntos en el programa de gestión que presente esa deficiencia o falta.

Las mejoras que se puedan ofertar deben quedar perfectamente definidas: indicando los parámetros establecidos en pliego de prescripciones técnicas y a continuación los nuevos parámetros ofertados.

Se adjunta cuadro de puntuaciones máximas por los diferentes programas de gestión:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1 Programa de gestión de riego	2
2 Programa de gestión de renovación y mejora del sustrato	1
3 Programa de gestión de acolchados	1
4 Programa de gestión de entrecavados y escardas	1
5 Programa de gestión de enmiendas	1
6 Programa de gestión de abonado	1
7 Programa de gestión de aireados	0,5
8 Programa de gestión de escarificados	1
9 Programa de gestión de renovación y resiembra	1
10 Programa de gestión de siega de céspedes	1
11 Programa de gestión de desbroce de praderas	1
12 Programa de gestión de poda y recorte de árboles, setos y topiarías	1
13 Programa de gestión del arbolado	2
14 Programa de gestión de reposiciones y nuevas plantaciones	1
15 Programa de gestión de tratamientos fitosanitarios	2
16 Programa de gestión de limpieza de los espacios verdes	1
17 Programa de gestión de conservación de caminos y paseos terrizos	0,5
18 Programa de gestión de conservación del arbolado de alineación en calle	0,5
19 Programa de gestión de conservación de jardineras	0,5
20 Programa de gestión de conservación de alcorques	0,5
21 Programa de gestión y limpieza de zonas verdes en centros educativos	0,5
22 Programa de gestión de mantenimiento de la red de riego	1
Total puntuación:	22

La valoración de cada programa de gestión se realizará de acuerdo con la siguiente distribución: el desarrollo de dicho programa supondrá el 80% de la puntuación; las mejoras ofertadas en el mismo el restante 20%. Y, en cada uno de ellos se atenderá, **por orden de importancia**, a los siguientes aspectos:

A) Desarrollo de cada programa:

- Mayor adaptación a la realidad y características propias del ámbito del contrato, de las zonas verdes del municipio de Pontevedra que suponen su objeto.
- Mejor organización y asignación de medios humanos, maquinaria y materiales idóneos para cumplir todas y cada una de las labores que comprende cada programa. Se valorará la suficiencia de los medios en relación con la propuesta de gestión, pero no sus características



específicas, que serán consideradas en otros apartados. Se considerará la asignación de medios por encima de los mínimos, en cuanto puedan suponer una reserva razonable o mejora en la prestación, pero no su desproporcionalidad.

- La claridad, concreción y precisión del contenido de los programas, y que aporte información relevante al servicio, evitando documentación superflua y genérica, que no sea específica para los espacios verdes del Ayuntamiento de Pontevedra.

B) Mejoras:

- Utilidad y coherencia, desestimándose aquellas que no supongan un valor añadido sobre la prestación o un mejor servicio, o que, superados unos límites, resulten desproporcionadas o inútiles (sobredosificaciones, exceso de riego, etc.)
- Mayor frecuencia en los trabajos.
- Mejor seguridad y protección de los medios humanos, sobre la mínima exigible.
- Otras que se propongan.

La valoración económica de dichas mejoras, de presentarse, podrá servir de base para el cálculo de la puntuación en este apartado, pero en la medida en que el técnico municipal responsable de la valoración la entienda debidamente fundamentadas, y acorde con los precios reales.

Las puntuaciones, se distribuirán proporcionalmente en atención a lo expuesto y al contraste de las propuestas entre sí, siempre que se de cumplimiento a las condiciones mínimas establecidas; estarán debidamente motivadas.

Se destaca que en este apartado, y en el siguiente, no se valorarán aquellos aspectos que son objeto de consideración específica en otros puntos (características de los vehículos y maquinaria, gestión medioambiental y gestión informática).

Tanto las condiciones de la prestación que consten en los programas de gestión, como las mejoras que se puedan incluir, pasarán a formar parte del contenido de obligado cumplimiento del contrato.

2. ORGANIZACIÓN TÉCNICA DEL SERVICIO..... de 0 a 6 puntos.

En este apartado se aportará documento explicativo de esta organización, ahora referida al **conjunto de las prestaciones objeto del contrato**. Se entiende por organización técnica la determinación de la metodología y sistemas de gestión de los medios (humanos y materiales) adscritos.

Dicha organización debe ser tal que permita ejecutar los programas de gestión ofertados en su totalidad. Asimismo, permitirá comprobar la viabilidad de la oferta en su conjunto y el cumplimiento de las condiciones mínimas precisadas en los pliegos, por lo que su presentación resulta obligada, de tal modo que su omisión supondrá la desestimación de la oferta en su conjunto.

Si, a consecuencia del análisis de este documento se revelan contradicciones o se pone de manifiesto la imposibilidad de cumplir las mejoras ofertadas respecto de alguno, o algunos, de los programas de

gestión anteriores, la puntuación de tales programas será 0 pts.

Si lo que se deduce es el incumplimiento de las condiciones mínimas exigidas por los pliegos de condiciones técnicas, procederá la exclusión de la proposición, salvo que se trate de meros errores u omisiones puntuales fácilmente solventables **sin alteración de los términos valorables de las ofertas, de su viabilidad o consideración en conjunto**. De ser solventables según lo expuesto, se requerirá en tal sentido al afectado con el fin de que efectúe su corrección, estrictamente ajustada a tal punto. De no concluirse, procederá el rechazo o exclusión de la oferta.

Se aportará estructura organizativa justificada de los medios humanos, técnicos y operativos, que comprenderá, cuando menos:

- Organigrama detallado que permita de forma clara analizar la organización propuesta y comprobar la viabilidad de la misma.
- Cuadro descriptivo de los distintos equipos de trabajo asignados (tanto para las labores propias de mantenimiento como los de vigilancia, recogida y limpieza de residuos y restos vegetales, etc.)

Se valorará, hasta el tope de puntuación señalado, la concreción y solidez de dicha estructura organizativa, en la medida en que soporta los programas de gestión presentados y el cumplimiento de las condiciones mínimas exigidas.

3. RELACIÓN DE VEHÍCULOS, MAQUINARIA, INSTALACIONES Y DEMÁS MEDIOS A DISPOSICIÓN DEL SERVICIO..... de 0 a 5 puntos

En este apartado se valorarán las características específicas de de los vehículos, maquinaria, instalaciones y demás medios auxiliares destinados al servicio; de tal forma que dichos medios no resulten deficitarios (por debajo de los mínimos establecidos en el pliego de prescripciones técnicas) pero tampoco muestren desproporcionalidad con respecto a las necesidades reales del servicio.

Como se expuso con anterioridad, en este apartado se valorarán las características específicas de dichos elementos. La puntuación máxima de 5 puntos se otorgará en base al cuadro siguiente:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Vehículos	2
Maquinaria	2
Instalaciones y medios auxiliares	1
TOTAL:	5

Tanto la relación de vehículos como la de maquinaria deberán aportar como mínimo datos de: características de cada tipo, modelo, marca, potencia en C.V., estado, complementos (carrocería basculante, pluma, cisterna, grúa,...), características medioambientales (perfectamente especificadas,



con aportación de etiquetas ecológicas o medios equivalentes, referidas a sus efectos, consumos, materiales de los que se encuentren hechos...) y demás que se consideren relevantes.

A partir de estas relaciones y en base a los criterios del cuadro siguiente se determinarán las puntuaciones correspondientes.

CRITERIO	0%	25%	50%	100%	PUNTUACIÓN MÁXIMA PARA APARTADO VEHÍCULOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA PARA APARTADO DE MAQUINARIA
IDONEIDAD DE LOS MISMOS	No adecuados	Poco adecuados	Bastante adecuados	Óptimos	1	1
CARACTERÍSTICAS MEDIOAMBIENTALES	Ninguna	Alguna	Bastantes	Excelentes	1	1
TOTAL:					2	2

Por lo que se refiere a las instalaciones y medios auxiliares se valorarán en la medida en que sus características reviertan en la mejor prestación del contrato.

4. MEJORAS EN LOS ESPACIOS VERDES ENCAMINADAS A UNA GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL MÁS SOSTENIBLE..... de 0 a 4 puntos.

Se otorgará la máxima puntuación a la oferta que presente mejoras en los espacios verdes encaminadas a una mayor gestión medioambiental sostenible; y el resto de puntuaciones se hará de forma proporcional.

Se valorará la incorporación de nuevas tecnologías que permitan ahorros hídricos y energéticos, producción de compostaje y otras líneas de reutilización, reciclaje y tratamiento de residuos, etc.

Deberán explicarse debidamente, en un apartado o documento diferenciado, con los ahorros , disminución de los efectos contaminantes, o demás consecuencias valorables desde una perspectiva medioambiental.

La valoración se efectuará en consideración a dichos efectos.

5. GESTIÓN INFORMÁTICA DEL SERVICIO..... de 0 a 3 puntos.

Se otorgará la máxima puntuación a la oferta que incorpore los medios humanos y tecnológicos más adecuados en los aspectos que a continuación se indican; y el resto de puntuaciones se valorarán de forma proporcional.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Gestión Informática de los trabajos (*1)	1

Gestión Informática de los espacios verdes (*2)	1
Gestión Informática de las comunicaciones (*3)	1
TOTAL:	3

(*1) Descripción y gestión de los diferentes partes de trabajo y su gestión y tramitación; y demás documentación relevante a la ejecución de los trabajos.

(*2) Descripción y gestión de datos relativos a la informatización y digitalización de los datos del inventario y demás información,....

(*3) Descripción y gestión de datos relativos a la comunicación más inmediata entre Ayuntamiento y empresa, tramitación de incidencias,...

Deberán explicarse debidamente, en un documento diferenciado.

A continuación, detállanse e xustificanse as valoracións obtidas para os distintos criterios de adjudicación, así como as valoracións finais de cada empresa licitadora, para o SOBRE B (Criterios cuantificables por xuízo de valor).

Así mesmo, indícanse, nos cadros das puntuacións do Anexo, as melloras ofertadas por cada empresa licitadora (tal como se presentan na documentación, independentemente de que finalmente fosen admitidas como tales).

1.- MEMORIA EXPLICATIVA DO SERVIZO: PROGRAMAS DE XESTIÓN

1.1.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE REGO

Con respecto ó **desenrolo do programa** concédese a máxima puntuación, isto é 1,60 puntos, á UTE San José-El Ejidillo porque presenta o programa de rego mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adjudicación, que rixen o presente servizo.

Presenta unha clasificación da vexetación (árbores, arbustos, macizos de flor, pradeiras e céspedes e xardiñeiras), e establece catro tipoloxías de requerimentos de rego. Con toda esta información e xunto cos datos concretos de pluviometría e ETP da cidade de Pontevedra, calcula as necesidades hídricas para cada caso e establece as dosis e frecuencias de rego finais.

Establece un protocolo de actuación detallado para o seguemento de averías e demais incidencias, con controis e revisións semanais das redes automáticas e semiautomáticas, aportando rexistros mensuais.

Por último, axústase á estrutura establecida no programa aportando e xustificando os datos requeridos.



Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, indicar que, en gran medida, certas propostas foron comúns (total ou parcialmente) a varias empresas licitadoras, como:

- Control do sistema de rego e optimización do uso da auga (mediante lectura de contadores, recopilación e entrega de datos ó Concello de Pontevedra cunha periodicidade mensual, por un lado; e por outro, o seguimento mensual de datos de pluviometría, temperaturas, etc. para aqueles espazos verdes carentes de contadores).
- Minimización de perdas de auga de rego, mediante medidas indirectas como entrecavados, aportación de mulch, etc.
- Centralización e control dos sistemas de rego mediante diversos sistemas de telexestión.

Considérase que despois de analizar tódalas ofertas en conxunto (descartando aquelas que non aportan ningún valor ó servizo ou que non se definiron nin concretaron perfectamente), a empresa que presenta as melloras que supoñen e repercuten nunha mellor prestación do servizo e polo tanto se lle concede a máxima puntuación, que son 0,40 puntos, é Elsamex, S.A. porque oferta a maior inversión destinada a instalacións de rego, incrementando a rede de rego automático existente (en zonas de rego manual), así como a renovación de sistemas de rego con mais de 8 anos desde a súa instalación, comprometéndose ademais á actualización de programadores obsoletos.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.2.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE RENOVACIÓN E MELLORA DO SUSTRATO

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á UTE San José-El Ejidillo porque presenta o programa de renovación e mellora do sustrato mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

Presenta o mellor desenrolo do programa, especifica características dos materiais a empregar como aporte de sustrato; describe métodos de aplicación, procesamentos e traballos pormenorizadamente; confecciona cadros de frecuencias e calendarios de actuación para cada tipo de traballo (recuperación de cota, aportacións en plantacións para os casos de arbolado, céspedes e pradeiras, manchas e parterres de flor e arbustos e herbáceas); e especifica medios aportados.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose

proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque oferta un incremento notable dos espesores e profundidades dos aportes de terra vexetal con respecto ós indicados no prego de prescricións técnicas (arbolado 0,50 m3/ud.; flor 35 cm.; arbustos e herbáceas: 50 cm.) e complementa con 200 m3. de terra vexetal e 500 m2. de enmenda con area de río.

Enténdese que é a oferta que representa unha maior repercusión e maior utilidade no presente programa de xestión.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.3.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE ACOLCHADOS

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, identifica áreas do contrato con deficiencias ou necesidades de renovación, sobre as que propoñen actuacións urxentes de remoción e substitución tanto de mallas como dos distintos materiais de acolchado, así como outras zonas sen presenza deste tipo de tratamento sobre as que se aconsella o emprego desta técnica.

Descríbense materiais a empregar, así como as súas características e demais medios; e preséntase a metodoloxía de traballo seguida (tanto das labores previas como das posteriores ó acolchado). E propóñense técnicas de aproveitamento de astillas derivadas dos triturado de ramas e follas das operacións de poda.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación, isto é 0,20 puntos, á empresa Cespa, S.A. porque se considera que representan a maior utilidade para a prestación do servizo, ofertando a instalación de 5.000 m2. de acolchado orgánico ou inorgánico con malla antiherbas de polipropileno.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.4.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE ENTRECAVADOS E ESCARDAS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque, novamente, presenta o programa de entrecavados e



escardas mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

Aporta o mellor desenrolo do programa, establece as distintas liñas de traballo (escardas manuais, mecánicas, químicas,...) tendo en conta os distintos tipos de vexetación a combater (plantas anuais, perennes), describindo para cada un dos casos a metodoloxía a seguir, especificando materiais e demais medios empregados (con indicación de características e recomendacións de uso dos diferentes produtos).

Novamente, do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque, aínda non sendo a oferta que establece os maiores incrementos de frecuencia con respecto ó prego de prescripcións técnicas, considérase que os aumentos ofertados son considerables e suficientes para conseguir unha óptima execución do presente programa; e completa ademais a súa proposta do seguinte xeito:

- Utilización dun escardador térmico en zonas sensibles, para o caso dos entrecavados, conseguindo unha redución no emprego das escardas químicas e fomentando así o uso de técnicas medioambientalmente mais sostibles; e
- A colocación de protectores radiculares no arbolado (3.000 uds)., que aínda non sendo esteticamente o mais recomendable, non pode obviarse a súa eficacia, conseguindo un maior arraigo e nivel de supervivencia (sobre todo na fase de plantación e posterior) dos exemplares tratados con este mecanismo.

Enténdese, polo tanto, que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade no presente programa de xestión.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.5.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE ENMENDAS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, xustificando para os distintos tipos de enmendas, os produtos e materiais e empregar, así como as súas dosificacións e métodos de aplicación. Establécese un calendario de actuación, perfectamente explicado e xustificado en canto ás épocas de aplicación. Aténdese á corrección do pH, establecendo incrementos máximos dunha unidade en cada aportación, ata conseguir os valores óptimos.

Realización de analíticas do solo en xaneiro para poder asegurar a correcta dosificación posterior dos materiais; incremento das frecuencias de aplicación con respecto ó prego; promóvese e propónse o uso de compost a partir dos restos vexetais xerados no servizo, etc.

Seguindo o mesmo criterio anterior, do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos con respecto á oferta que se acaba de describir, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Cespa, S.A. porque oferta o maior incremento da superficie de actuación e aportación de medios mecánicos para facilitar e rentabilizar as operacións, o que permite o aproveitamento e dispoñibilidade dos medios humanos para outros traballos.

Enténdese que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade no presente programa de xestión.

E as demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.6.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE ABONADO:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á UTE Imesapi, S.A.-Xérmolo, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, concreta de forma clara e concisa os medios a empregar, relacionando e conxugando tanto ditos medios como os diferentes traballos a desempeñar e para cada tipo de vexetación (céspedes, flor, arbustos, árbores), ó tempo que se plasman todos estes datos no calendario de actuación. Así mesmo, tense en conta, e de modo diferenciado, o abonado de nova plantación e o de mantemento.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque propón un mellor incremento de medios con respecto ó establecido no prego de prescricións técnicas, mediante o emprego dunha abonadora, así como a utilización de dosificadores para produtos hidrosolubles (kit fertirrigación New birdie ou equivalente) (propoñendo a súa utilización na urbanización de Valdecorvos ou na praia fluvial do Lérez).

Enténdese que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade no presente programa de xestión.

E as demais proposicións valoráronse proporcionalmente.



1.7.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE AIREADOS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, á UTE Audeca, S.L.U.-Construcciones Obras y Viales, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, indicando os materiais do recebo posterior ó aireado, con especificación da súa composición e dosificación. Explica de forma clara e concisa o procedemento e execución dos diferentes traballos que conlevan o presente programa de xestión, designando medios axustados e acordos ós mesmos.

Destácase a claridade e concreción do contido do programa, aportando datos precisos e suficientes para a súa definición.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, destacar que, en xeral, as proposicións seguiron dúas liñas. Así certas ofertas centraron as súas melloras en incrementos da frecuencia dos aireados, e outras basáronse na mecanización dos traballos e aporte de medios, como aireadoras de arrastre para grandes superficies, de manillar, cestas recolletacos,...

En aplicación dos criterios de adxudicación, enténdese que, entre tódalas melloras, aquelas que supoñen un valor engadido e o desenvolvemento dun mellor servizo son a mecanización das tarefas.

Por outro lado, o prego de prescricións técnicas establece dous aireados anuais, considerándose necesarios e suficientes; entendendo que un exceso en dita frecuencia pode conlevar certos efectos perxudiciais, resultando unha mellora en certa medida “un pouco desproporcionada”. Pero aínda que, nun grado menor, si foi obxecto de puntuación neste apartado, posto que ese incremento de frecuencia permitiría a execución dalgún aireado puntual que puidese xurdir (por exemplo, unha pradeira ou céspede cunha maior carga de usuarios da esperada, ou obxecto dunha obra que provocase unha compactación maior do solo, etc.).

Así concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. porque propón o emprego de maquinaria de alto rendemento, como un aireador de arrastre para grandes superficies de pradeiras, o emprego de novas técnicas ofertando unha cesta de recollida para os aireadores mecánicos e o amento de superficies de actuación.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.8.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE ESCARIFICADOS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á UTE Audeca, S.L.U.-Construcciones Obras y Viales, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, indicando os materiais do recebo posterior ó escafrificado, con especificación da súa composición e dosificación. Explica de forma clara e concisa o procedemento e execución dos

diferentes traballos que conlevan o presente programa de xestión, designando medios axustados e acordos ós mesmos.

Destácase a claridade e concreción do contido do programa, aportando datos precisos e suficientes para a súa definición.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, destacar que, en xeral, as proposicións seguiron dúas liñas. Así certas ofertas centraron as súas melloras en incrementos da frecuencia dos escarificados, e outras basáronse na ampliación do ámbito de actuación, na mecanización dos traballos e aporte de medios, como escarificadores de arrastre para grandes superficies, cestas de recollida de materiais,...

En aplicación dos criterios de adxudicación, enténdese que, entre tódalas melloras, aquelas que supoñen un valor engadido e o desenvolvemento dun mellor servizo son a ampliación de zonas de actuación e a mecanización das tarefas e en menor medida, un incremento da frecuencia de escarificados.

Así concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. porque propón o emprego de maquinaria de alto rendemento, como un escarificador de arrastre para grandes superficies de pradeiras, o emprego de novas técnicas dotando de cesta de recollida ós escarificadores mecánicos, e o amento de superficies de actuación.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.9.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE RENOVACIÓN E RESEMBRA:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á Elsamex, S.A. porque presenta o programa de renovación e resembrado mellor adaptado ás esixencias requiridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

Presenta o mellor desenrolo do programa, indicando tipoloxía e dosificacións das sementes, composición e cuantificación do material cubresembrado, tratamento previos (como posible aplicación de herbicidas), etc.

Explica de forma clara e precisa o procedemento e execución dos diferentes traballos que conlevan tanto a renovación como a resembrado; diferenciando as posibles liñas de tratamento (por semente, esqueje, tepes), e designando medios axustados e acordos ós mesmos.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.



Entre as **melloras** presentadas, destacan o incremento da frecuencia tanto das renovacións como das resembras, a mellora das características das sementes e do material cubresembrado, a ampliación do ámbito de actuación, a mecanización de traballos, etc.

Valórase positivamente o recubrimento da semente dado que conleva unha maior probabilidade de xerminación da mesma, rentabilizando económica e medioambientalmente os procesos. Ademais tívose en conta o emprego de especies que supoñan un menor mantemento e demanda de nutrientes, e que polo tanto derivarán nun mantemento máis ecolóxico e sostible.

Así mesmo, tamén foron obxecto de valoración o incremento da frecuencia das renovacións, (pasando de unha a dúas anuais), así como o aumento da superficie de actuación.

Por outra banda, o incremento de frecuencia das resembras por parte dalgunhas das empresas licitadoras (catro resembras anuais, fronte a dúas do prego) si obtivo puntuación pero en moita menor medida. Os dous períodos fixados tanto no prego de prescricións técnicas como no común das propostas das empresas licitadoras, para a execución das citadas labores, foron primaveira e outono. Así teríamos as dúas resembras, unha en cada período. Polo que o feito de ofertar dúas resembras moi xuntas no tempo (por exemplo unha en marzo e outra en abril) debe considerarse como unha única semembra porque en conxunto representan un período e polo tanto unha única actuación (non dúas, como se indica nalgunha oferta. Polo que se ofertan catro resembras, cando en realidade son dúas). Co cal o ofertar máis de dúas actuacións enténdese que debe levar implícito a execución desas tarefas durante o resto do ano (fora das dúas épocas fixadas por prego). Neses casos, por condicións meteorolóxicas, veríase comprometido o arraigo da semente e derivando no posterior fracaso da semembra. Pero entendendo que puidese xurdir a necesidade de semembra dunha zona ou espazo verde por causas externas ó desenvolvemento do servizo (carga de usuarios non previstas, condicións meteorolóxicas extremas, etc.) e que obrigasen a unha actuación fora das épocas previstas e en condicións non recomendadas, dita situación estaría cuberta con dita mellora; e é polo que se considera dotada de certa puntuación neste apartado.

Así, e en aplicación dos criterios de adxudicación, enténdese que entre tódalas melloras as que representan un valor engadido e o desenvolvemento dun mellor servizo, e polo tanto as que conlevan unha maior puntuación son o incremento da frecuencia de renovación e a mellora das características das sementes. Nun seguinte nivel estarían a ampliación do ámbito de actuación, o material cubresembrado e a mecanización de traballos; e por último, o maior número de resembras.

En atención a ese orde e tendo en conta a oferta ou conxunto de ofertas definidas en cada proposición, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Cespa, S.A. a cal propón: o uso de sementes para o mantemento ecolóxico de pradeiras do tipo Sparring Eco de Fitó, que inclúe Festuca de baixo mantemento e *Trifolium repens*; incremento de frecuencia de labores de renovación de céspedes e pradeiras a dúas veces ó ano, fronte á anual do prego; e unha máquina de sembra directa, con dedicación parcial.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.10.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE SEGA DE CÉSPEDES:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, adaptado á realidade dos espazos verdes de Pontevedra, especificando en que zonas verdes se levarán a cabo os traballos de sega con posterior recollida de restos xerados e aquelas nas que polas súas características procede a incorporación dos mesmos ó terreo. Indicación e descripción dos traballos de segas e perfilados, en referencia ás categorías de céspedes das NTJ. Fixanse as diferentes frecuencias para as segas e os perfilados, incrementándose lixeiramente con respecto ó prego de prescripcóns técnicas, de forma coherente e non desproporcionada nin impracticable.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se entende que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade no presente programa de xestión. Presenta un incremento de frecuencias de segas e perfilado con respecto ó prego do seguinte xeito:

Frecuencia de segas: cada 10 días (de marzo a outubro) e cada 15 días (de novembro a febreiro)

Frecuencia de perfilados: 3 veces/mes (de marzo a outubro) e 2 veces/mes (de novembro a febreiro)

Así mesmo completa as melloras con:

- Recycling: a non recollida de restos de sega para os céspedes do contrato, ofertando 5 ud. De Toro 530 GTK, 5 ud. De Toro 660 GTK e 3 uds. De Toro Z G3
- Afiado diario das cuchillas.

Indícase que unha das melloras ofertadas pola empresa, como é a correcta elección do tipo óptimo de sega (máquinas de corte helicoidal ou rotativo, en función do nivel de mantemento, a superficie e a frecuencia de sega), non foi obxecto de valoración dado que o propio prego de prescripcóns técnicas, xa establece que a execución do presente programa require o previo establecemento das frecuencias, medios e demais características das segas con atención a diversos factores como son: as condicións climatolóxicas, a tipoloxía de céspede, características da zona verde, etc. Se entende polo tanto, que dita mellora xa está implícita no cumprimento do prego e da execución do contrato.

Por último indicar que o establecemento dunha frecuencia de sega superior a catro veces ó mes resulta excesivo e desproporcionado, polo que valores superiores non foron obxecto de valoración nin puntuación.

Con todo o anterior, as demais proposicións valoráronse proporcionalmente.



1.11.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE DESBROCE DE PRADEIRAS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións presentan e definen os aspectos relevantes para que a execución do presente programa, como descripción dos traballos, asignación de medios, etc. de forma similar; obténdose polo tanto puntuacións moi próximas.

Indicar que no caso das empresas Valoriza, S.A. e a UTE Imesapi, S.A.-Xérmolo, S.A encontráronse unha serie de contradicións (datos distintos entre diferentes apartados), frecuencias de desbroce inferiores ou desproporcionadas respecto ó prego de prescricións técnicas, etc., que derivaron nunha penalización e polo tanto nunha puntuación moi inferior.

Con todo, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque presenta o mellor desenrolo do programa, ademais resulta a proposición cunha maior definición e precisión do desenvolvemento dos traballos, dimensionamento de equipos e medios acordes á realidade dos traballos, etc.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como ó aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Cespa, S.A. porque se entende que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade no presente programa de xestión. Presenta un incremento de frecuencias de desbroces con respecto ó prego, ó tempo que se considera viable e factible. Así comprométese a:

Frecuencia de desbroces: máximo cada 10 días (de marzo a outubro) e máximo cada 15 días (de novembro a febreiro)

Frecuencia de perfilados: mínimo 3 veces/mes (de marzo a outubro) e mínimo 2 veces/mes (de novembro a febreiro)

Ademais complementábase a proposición coa aportación de 3 desbrozadoras de man a maiores, así como poñer a disposición: un tractor, un brazo desbrozador, unha desbrozadora de mayales e unha desbrozadora de cadeas.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.12.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE PODA E RECORTE DE ÁRBORES, SETOS E TOPIARIAS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque presenta o mellor desenrolo do programa, con atención a aqueles puntos básicos e precisos para a definición e execución do mesmo,

e con atención ós principais tipos de elementos verdes incluídos, esto é: a totalidade das árbores, palmeiras, arbustos, setos e topiarias. Así mesmo, descríbense traballos a realizar, épocas de actuación (xustificadas), medios empregados (con especificación dos mesmos, e para cada tipoloxía de elemento), etc.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como á existencia de contradicións na documentación presentada e aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras**, e á vista dos medios e actuacións ofertadas, cómpre expoñer o seguinte:

As operacións de poda e recorte incluídas no presente programa perseguen, como así se define no prego de prescricións técnicas, acadar o máximo nivel estético posible da especie, manter o seu vigor e desenrolo adecuado. Trátase polo tanto de traballos de mantemento, tanto en forma como en estrutura, adecuando o exemplar ás necesidades do espazo no que se ubica e viceversa. É aínda que si contempla a eliminación de ramas secas e ramaxe, que permitirán, entre outros, evitar situacións de perigo en canto a desprendementos de ramas, eliminar posibles focos de infección e desenrolo de pragas e enfermidades, etc.; e que con ditas actuacións se minimizan perigos e se incrementa a estabilidade e seguridade do arbolado, esta non é a finalidade do presente programa senón que en conxunto conforman traballos de mantemento, non de seguridade (ese é precisamente o obxectivo do programa seguinte).

Por todo o anterior, enténdese que a mellora ofertada pola UTE Imesapi, S.A.-Xérmolo, S.A. en canto a instrumental de seguridade de arbolado non foi obxecto de puntuación neste apartado.

Por outro lado, a diversidade de espazos verdes obxecto do contrato e os seus condicionantes imponen a utilización de diferentes técnicas para as podas en altura, tanto a través de pértegas, plataformas elevadoras ou traballos de trepa. O cumprimento do prego de prescricións técnicas garante os obxectivos que nel se fixan, xunto cos preceptivos legais en canto a prevención de riscos laborais, calidade e outros; se ben, a elección das técnicas empregadas para ditas podas queda a elección da propia concesionaria. É polo que non pode darse prioridade neste apartado á elección dunha técnica fronte ás demais, valorándose polo tanto coa mesma puntuación cada unha delas.

Otras melloras que obtiveron puntuación foron o incremento e mellora de medios, a formación en podas e traballos de trepa, ciruxía arbórea, etc.

Así en atención a todo o anterior e tendo en conta a oferta ou conxunto de ofertas definidas en cada proposición, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Cespa, S.A. porque é a que aporta mais medios, así como formación do persoal.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.



1.13.- PROGRAMA DE XESTIÓN DO ARBOLADO:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións presentan e definen os aspectos relevantes para que a execución do presente programa, como descripción dos traballos, asignación de medios, etc., de forma similar; obténdose polo tanto puntuacións moi próximas.

Indicar que destacan o caso das empresas UTE San José-El Ejidillo, Valoriza, S.A., Cespa, S.A. e Elsamex, S.A., nesa orde, porque completan a información anterior con outra relativa a: inventario do arbolado, definición con maior exactitude de medios asignados (en canto a instrumentación a empregar, con especificación da mesma), niveis de risco establecidos para o arbolado, e confección de mapas de risco, etc.

Así concédese a máxima puntuación, isto é 1,60 puntos, á UTE San José-El Ejidillo porque presenta o programa de conservación e seguridade do arbolado mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo, así como o definido en parágrafos anteriores.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto ó exposto, así como ó aporte de información superflua, xenérica, desordenada, etc., obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

Entre as **melloras** presentadas valorouse positivamente a realización do inventario do arbolado (cun 75% da puntuación máxima); e en menor medida (o restante 25%) a incorporación de persoal especializado como apoio ó servizo.

Non foron obxecto de valoración os seguintes conceptos:

- A execución do plan de xestión do arbolado por resultar preceptivo por prego de prescricións técnicas;
- A dixitalización e informatización do inventario e/ou outros datos do presente programa de xestión, por ser obxecto de valoración específica en apartado independente;
- O emprego dunha instrumentación ou outra de diagnóstico de danos no arbolado, posto que o prego de prescricións técnicas establece que “a empresa licitadora completará o presente programa, propoñendo a metodoloxía de xestión, técnicas alternativas ó análise visual, instrumentación,...”, que en conxunto garanticen os obxectivos marcados e esixidos no prego (non aportándose neste a cuantificación nin caracterización duns mínimos, a partir dos cales, un incremento se considerase como mellora). A elección duns medios ou outros por parte das empresas licitadoras quedará a criterio das mesmas (e baixo a aprobación posterior da Dirección Facultativa);
- O incremento de actuacións con respecto ó cadro aportado no prego, porque dito cadro expresa un número previsible (“non mínimo”), meramente orientativo (contemplándose por prego os posibles aumentos e reducións). Ademais a empresa adxudicataria estará obrigada

a realizar cantas revisións e actuacións sexan precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos do presente programa.

Con atención ó anterior, concédese 0,30 puntos ás empresas Valoriza, S.A., UTE San José-El Ejidillo e Elsamex, S.A. porque ofertan a realización do inventario do arbolado e 0,10 puntos á empresa Cespa, S.A. por poñer a disposición un técnico de apoio ó servizo. As demais empresas licitadoras obteñen 0 puntos neste apartado.

1.14.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE REPOSICIÓN E NOVAS PLANTACIÓN:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque presenta o programa de reposición e novas plantacións mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación que rixen o presente servizo.

Presenta o mellor desenrolo do programa, definindo e precisando a execución dos traballos, para árbores, arbustos e flor de temporada (con diferenciación para os casos de plantas bianuais, bulbosas e vivaces). Concrétanse materiais de drenaxe, retenedores de auga, de abono, produtos protectores de raíces, hormonas de enraizamento, entutorado, etc., así como técnicas de control de raíces para plantacións en alcorque (sistemas guía-raíces). Así mesmo, descríbense medios empregados, etc.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

Entre as **melloras** presentadas valorouse positivamente, no proceso de novas plantacións e reposición de marras, o subministro e aportación de exemplares, tanto árbores como arbustos porque se entende que conleva utilidade e repercusión económica directas sobre o servizo.

Outras melloras que supoñen un valor engadido ou derivan nun mellor servizo son a aplicación de produtos, materiais e técnicas que incrementen a probabilidade de arraigo e enraizamento do exemplar: ben a través de actuacións directas (como polímeros absorbentes, retentores de humidade, realización de drenaxes), ben a través de controis e análise de solos previos á plantación (que permitirán establecer o correcto aporte de nutrientes e necesidades da especie a plantar).

En seguinte lugar, encóntrase a mellora na dotación de medios ó presente programa (como é a disposición con dedicación parcial dunha miniexcavadora con apeiros)

Entre as restantes melloras valoradas, pero en menor medida, atópanse o incremento de frecuencias con respecto ó prego (en canto a reconto de marras e plantación de flor de temporada) e a reutilización e reciclado de abetos navideños, por considerar que se trata de circunstancias ou actuacións cunha menor repercusión no servizo.

Así en atención a este orde e tendo en conta a oferta ou conxunto de ofertas definidas en cada



proposición, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa UTE San José-El Ejidillo a cal propón o subministro anual de 20 árbores e 500 arbustos sen custe para o Concello para a reposición de marras existentes.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.15.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións se basan no principio do control integrado de pragas, a loita biolóxica e o mínimo uso de tratamentos químicos. O plan de sanidade vexetal, practicamente común en tódalas ofertas é o seguinte:

- estudo previo, determinación dos niveis de afección e estado da vexetación (arborea, cespitosa,...)
- actuacións mediante tratamentos preventivos
- seguemento (métodos de muestreo e umbrais de tratamento, controis de seguemento (controis visuais e análises))
- aplicación de diferentes tratamentos correctivos (os químicos restrinxiranse ó estrictamente necesario).

Outros aspectos que se tiveron en conta para o establecemento das puntuacións foron: o aporte de datos en canto a identificación de axentes patóxenos, especies atacadas, designación de produtos, dosificacións e épocas de aplicación; especificación e concreción das técnicas empregadas e acordos á realidade de Pontevedra (por ex. a problemática do picudo vermello das palmeiras), protocolos de actuación, etc.

Así mesmo, penalízase o aporte de documentación superflua e puramente teórica, que non aporta nada ó desenrolo do presente programa.

Con todo o anterior, e xunto co resto de documentación esixida, como descrición de traballos, asignación de medios, etc., concédese a máxima puntuación, isto é 1,60 puntos, á empresa Cespa, S.A. porque presenta o programa de tratamentos fitosanitarios mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

As demais puntuacións valoráanse proporcionalmente, atendendo a falta (total ou parcial) dos contidos descritos.

En canto ás **melloras**, cómpre salientar o seguinte:

O prego de prescricións técnicas indica textualmente "O adxudicatario quedará obrigado a realizar o seu cargo e nas datas oportunas, os estudos e análises necesarios, a vixilancia, o control e os tratamentos preventivos e/ou curativos necesarios, para impedir o comenzo ou propagación de

calquer enfermidade e/ou praga que puidese aparecer nas zonas verdes, así como os tratamentos e controis encamiñados a combater na súa totalidade a enfermidade e/ou praga, unha vez desenrolada”.

Indica que se apostará e potenciará a loita biolóxica, o emprego de fitosanitarios con materias activas ecolóxicas, de baixa toxicidade, etc.

Establécese ademais que a empresa adxudicataria estará obrigada a dispoñer dos medios que sexan necesarios para cumprir uns obxectivos, entre os que se atopa a utilización, nos casos que sexa posible, da loita integrada e biolóxica.

Así pois enténdese que a xestión integrada, a loita biolóxica, o emprego de técnicas de control como a endoterapia e o fomento da biodiversidade (instalación de nidais para aves) non poden considerarse como melloras no presente programa.

Por último, salienta que no prego de prescricións técnicas se axunta un cadro do número previsible (“*que non mínimo*”) de árbores e superficies que serán obxecto de tratamento anual. Como indica o prego “dito número de actuacións será validado e/ou aumentado e/ou diminuído pola Dirección Facultativa, coa finalidade de alcanzar os obxectivos de sanidade”. Así pois, a empresa adxudicataria queda obrigada a realizar todas aquelas actuacións que sexan precisas para conseguir ditos obxectivos; e por conseguinte, o ofertar un incremento sobre o número desas actuacións non debe ter consideración nen puntuación.

Con todo o anterior, concédese a máxima puntuación con 0,40 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se compromete á realización de cursos de entrenamiento de diagnóstico (dous cursos anuais). O resto das melloras ofertadas por esta empresa non foi obxecto de puntuación.

E o resto de empresas licitadoras obteñen 0 puntos neste apartado, polos motivos expostos anteriormente.

1.16.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE LIMPEZA DE ESPAZOS VERDES:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque presenta o mellor desenrolo do programa, adaptándose á estrutura establecida, definindo e precisando (tanto para a recollida de residuos como para os restos vexetais derivados das labores de mantemento) a organización e execución dos traballos, concreción de medios empregados, definición de itinerarios ou rutas de limpeza, etc.

Do contraste das proposicións entre sí e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas foron obxecto de valoración os seguintes, por orde de importancia:



- Unha maior aportación de medios por considerar que repercuten nun mellor servizo, entendendo que ditos medios deben ser útiles e apropiados ás labores propias do presente programa;
- Aqueles medios ou complementos que deriven nunha mellora das condicións de traballo e protección dos medios humanos, como por exemplo unha maior ergonomía;
- Outras como campañas de concienciación, outras limpezas e traballos non incluídos no presente programa e que supoñan un valor engadido ó mesmo, controis,...

Con todo o anterior, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se compromete ás seguintes melloras: emprego de maquinaria de última tecnoloxía moi productiva e pouco contaminante (6 sopladores Stihl BGA85), emprego de maquinaria para a aspiración de residuos (unha aspiradora de folia de alto rendemento), campañas de concienciación cidadana (talleres medioambientais de 6 horas de duración (un anualmente) dedicados ó público xeral), uso de carritos portacubos con separadores adaptados á recollida selectiva e reutilización de residuos.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.17.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS E PASEOS TERRIZOS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións aportan un programa que aborda os puntos principais a definir, como son descrición de traballos, medios designados, frecuencias, calendario de actuación, etc. Obtéñense así valoracións moi próximas.

Do contraste das proposicións entre sí, enténdese que a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, correspóndelle á empresa Cespa, S.A. porque presenta o programa de conservación de camiños e paseos mellor adaptado ás esixencias requiridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

As demais puntuacións valoráronse proporcionalmente, atendendo ó grado de definición e claridade no contido do programa.

En canto ás **melloras** presentadas foron obxecto de valoración as seguintes, por orde de importancia:

- Aporte de materiais e actuacións que repercuten directamente nun mellor servizo ou nun incremento das características, funcionalidade e conservación dos espazos verdes incluídos no contrato, como son: o aporte de pavimentos naturais continuos e outras técnicas de estabilización de solos, elementos de canalización e desagüe de pluviais, a execución de novas infraestruturas,....

- Incremento ou mellora dos medios adscritos ó presente programa.

Por outro lado, non foron obxecto de valoración os seguintes conceptos:

- A realización da limpeza de canalizacións de pluviais e sumidoiros, así como o fixar unha frecuencia para ditos traballos, por atoparse incluídos no prego de prescricións técnicas (“...limpeza periódica ou cando a Oficina Técnica Municipal responsable considere necesario...”). O mesmo sucede cos herbicidas e demais produtos químicos destinados á eliminación de malas herbas e vexetación que xermine en camiños e paseos;
- A informatización do programa, por ser obxecto de valoración específica en apartado independente;

Con todo o anterior, concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos á UTE Audeca S.L.U.- Construcciones Obras y Viales S.A. porque oferta a reposición da pasarela afundida na Xunqueira de Alba e a reparación de elementos de madeira de outras pasarelas.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.18.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE CONSERVACIÓN DO ARBOLADO DE ALINEACIÓN EN RÚA:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións aportan un programa que aborda os puntos principais a definir, como son as labores e operacións a executar, descrición de traballos, medios designados; e remitíndose ó especificado noutros programas para as citadas labores.

Atendendo ó grado de definición e concreción e do contraste das proposicións entre sí, enténdese que a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, correspóndelle á empresa Cespa, S.A. porque presenta o programa de conservación do arbolado en alineación mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación que rexen o presente servizo. Concrétanse e especificanse con detalle e claridade a organización dos traballos, indicando frecuencias e épocas de actuación.

As demais puntuacións valoráronse proporcionalmente, atendendo ó citado grado de definición e claridade no contido do programa.

En canto ás **melloras** presentadas indicar que non foron obxecto de valoración os seguintes conceptos:

- Tanto a redacción do plan de xestión do arbolado como o programa de prevención e saneo do arbolado en alineación, por ser preceptivos e atoparse incluídos no prego de prescricións técnicas (no programa de xestión de seguridade do arbolado);
- A implementación dun sistema de información xeográfica (GIS), por ser obxecto de valoración específica en apartado independente;



- O tratamento de choque en *Fraxinus sp.* de Augusto García Sánchez con praga defoliadora, posto que as necesidades de aplicación de tratamentos fitosanitarios sobre os espazos verdes (tanto biolóxicos como químicos) quedan cubertas por cumprimento de prego de prescripcións técnicas. Dita medida si foi obxecto de puntuación no desenrolo do presente programa dado que representa unha maior concreción e especificación do programa.

Así, concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos ás melloras ofertadas pola empresa Orto Parques y Jardines, S.L. consistentes na execución de pavimento drenante (100 uds. de alcorques de 1x1 m., fabricado a base de resinas e áridos de cores seleccionados e tratados; e propoñendo unha serie de zonas concretas para a súa implantación). Enténdese que é a oferta que representa unha maior repercusión no servizo, porque favorece a fixación da auga da choiva, retención de nutrientes e consecuentemente redonda nunha mellora das condicións de arraigo e durabilidade do arbolado de alineación.

1.19.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE CONSERVACIÓN DE XARDIÑEIRAS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, concédese a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, á empresa Elsamex, S.A. porque presenta o programa de conservación de xardiñeiras mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo.

Presenta o mellor desenrolo do programa, adaptándose á estrutura establecida, con definición e organización de traballos a realizar (tanto para a conservación dos elementos vexetais como das propias estruturas ou elementos que conforman as xardiñeiras), identifícanse patoloxías e posibles deficiencias das xardiñeiras e se aportan as correspondentes operacións de mantemento para solventalas, asimesmo establécense frecuencias e calendario de actuación e se concreta a organización dos medios empregados.

Do contraste das proposicións entre si e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se entende que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade ó servizo, tanto económica (pola inversión en medios materiais comprometida) como de funcionalidade e durabilidade das xardiñeiras. Así, comprométese ó emprego de hidroxardiñeiras (10 uds. de hidroxardiñeiras 620 ou equivalente, de formigón armado) e ó aporte de polímeros hidroabsorbentes (1.000 aplicacións) (que derivan nunha maior taxa de supervivencia dos exemplares plantados).

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.20.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE CONSERVACIÓN DE ALCORQUES:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que en xeral tódalas proposicións describen traballos, medios, frecuencias, e demais apartados do presente programa.

Do contraste das proposicións entre sí, enténdese que a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, correspóndelle á UTE Imesapi-Xérmolo S.A. porque presenta o programa de alcorques mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto ós criterios de adxudicación, que rixen o presente servizo. Concrétanse con maior precisión a realización dos traballos, en concordancia cos medios asinados.

As demais puntuacións valoráronse proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos á empresa Elsamex S.A. porque se entende que é a oferta que representa unha maior repercusión e utilidade ó servizo. Así, comprométese á creación de alcorques con gravillas cementadas ou químicas, xeotextiles ou céspede artificial, así como a plantacións iniciais do arbolado ausente ou decrépito.

Indicar que o restos das melloras ofertadas por dita empresa, como son a limpeza, acolchado e abonado do arbolado en alcorques no primeiro ano e según indicacións nos seguintes, non foron obxecto de valoración por ser preceptivas esas labores por prego.

Tamén obtiveron 0 puntos as melloras ofertadas pola empresa Valoriza, S.A. que consisten na realización de labores de forma complementaria, aumentando eficiencia e eficacia e diminuindo frecuencias. Enténdese que toda organización ou planificación plantexada (por calquera das empresas licitadoras) para executar as tarefas do servizo debe perseguir a máxima rentabilidade das mesmas, así como a obtención dos mellores resultados posibles; polo tanto a complementación de traballos é obvia.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.21.- PROGRAMA DE XESTIÓN E LIMPEZA DE ZONAS VERDES EN CENTROS EDUCATIVOS:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, indicar que de xeito moi similar ó anterior, en xeral tódalas proposicións describen traballos e medios e remitíndose ó especificado noutros programas para as citadas labores.

Atendendo ó grado de definición, concreción e demais documentación aportada e do contraste das proposicións entre sí, enténdese que a máxima puntuación, isto é 0,40 puntos, correspóndelle á UTE Imesapi-Xérmolo S.A. porque presenta o programa de xestión e limpeza de zonas verdes en centros educativos mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas, en canto



ós criterios de adjudicación, que rixen o presente servizo. Concrétanse e especificanse a organización dos traballos, indicando frecuencias e calendario de actuación para cada tarefa.

Atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, obtivéronse as demais, valorándose proporcionalmente.

En canto á valoración das **melloras**, matizar o seguinte:

Require prestar especial atención a que o desenvolvemento do presente programa supón a confluencia do persoal do servizo e demais medios (maquinaria, ferramentas, etc.) xunto coa poboación infantil. Así priorízanse aquelas melloras que minimicen a interacción entre ámbolos dous, e consecuentemente reducen os riscos de incidencias e perigosidade.

En segundo lugar, son obxecto de valoración aquelas melloras que reporten tecnoloxías, medios e medidas que supoñan unha menor interferencia e molestias coa xornada lectiva.

Do contraste das proposicións entre sí, e en atención ó anterior, concédese a máxima puntuación con 0,10 puntos á empresa Elsamex S.A. porque se entende que é a oferta que representa unha maior repercusión no servizo. Así comprométese á realización de traballos de estimada perigosidade ou engorro fora do horario lectivo e aporta un servizo de asesoramento e proposta de xardinería en centros escolares.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

1.22.- PROGRAMA DE XESTIÓN DE MANTEMENTO DA REDE DE REGO:

En canto á valoración do **desenrolo do programa**, e do contraste das proposicións entre sí, enténdese que a máxima puntuación, isto é 0,80 puntos, correspóndelle á empresa Valoriza, S.A. porque presenta o programa de xestión de mantemento da rede de rego mellor adaptado ás esixencias requeridas no prego de cláusulas administrativas. Especificanse traballos a realizar (tanto en horario laboral como actuacións en días festivos), establecemento do mantemento preventivo (perfectamente detallado), protocolo de actuación en caso de avarías, mantemento correctivo, medios asignados, etc.

En atención ó anterior e atendendo a falta de contidos (total ou parcial) con respecto á oferta que se acaba de describir e que acadou a máxima puntuación, así como o aporte de información superflua, xenérica e desordenada, obtivéronse as demais puntuacións, valorándose proporcionalmente.

En canto ás **melloras** presentadas, concédese a máxima puntuación con 0,20 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se entende que é a oferta que presenta un maior aporte de medios ó servizo, o que redundará nun maior control e detección de averías así como nunha mellor xestión do propio servizo (rentabilizando e optimizando recursos humanos). Comprométese ó control de fugas do sistema (mediante a aportación de contadores e sensores de presión,

especificados en cadro do Anexo) e á instalación de arquetas antivandálicas.

As demais proposicións valoráronse proporcionalmente.

2.- ORGANIZACIÓN TÉCNICA DO SERVIZO:

Unha vez estudadas as diferentes propostas, revisando a organización exposta en cada unha delas para a execución dos distintos programas de xestión, a concordancia cos medios adscritos, o cumprimento das condicións mínimas establecidas no prego de prescricións técnicas, así como á viabilidade da oferta no seu conxunto; e en atención ó contraste das propostas entre sí, establécense as seguintes puntuacións:

Concédesse a máxima puntuación con 6 puntos á empresa Orto Parques y Jardines, S.L. porque se entende que é a oferta que presenta un organigrama detallado e permite analizar a organización proposta, con arreglo ós programas de xestión ofertados, así como dar cumprimento ás condicións esixidas no prego de prescricións técnicas. Así mesmo permite comprobar, coa documentación aportada (cálculos, dimensionamento e xustificación dos medios humanos, operarios necesarios) e en base a datos de superficies, rendementos para cada unha das labores (e dentro delas para as distintas metodoloxías de traballo: manual, mecanizado, por tamaño ou superficie da parcela a tratar,...) a viabilidade de dita organización.

Establécense equipos de traballo basados nas distintas labores ou operacións a realizar e para cada un deles defínense as labores e tarefas que asumen, así como a distribución en tempo e espacio. Concrétanse claramente os medios de vehículos e maquinaria, así como os operarios que comprende cada equipo (cada operario ten asignada a súa ubicación, podendo facerlle o seguemento no tempo de forma individual).

Por outro lado, a organización proposta considérase adecuada, funcional, executabe e realista ó dimensionamento e características das zonas verdes de Pontevedra. Así mesmo, atópase en concordancia cos medios propostos (tanto humanos, como maquinaria, vehículos e demais). Tamén se destaca que ditos medios están en equilibrio coa organización de brigadas e equipos.

En segundo lugar, atópase a proposta da empresa Elsamex, S.A., que acadou 5,70 puntos. A distribución dos equipos de traballo establécese en base a criterios espaciais, dividindo o ámbito do contratos en tres zonas perfectamente delimitadas. Establece un equipo mais de traballo para colexios e a execución de certas labores específicas e de maior especialización. Asígnanse os medios humanos e demais a cada un dos equipos (queda perfectamente clara a ubicación de cada operario e a súa traxectoria no desenvolvemento das labores, “donde e en que equipo está, en cada momento”). Enténdese que esta distribución é a adecuada e acorde ás características dos espazos verdes do contrato, permitindo unha maior rentabilidade de traballos e axuste de medios e tempos de actuación.

Queda perfectamente xustificada a viabilidade da organización ofertada.



En seguinte lugar, atópase a proposta da empresa Cespa, S.A., que acadou 5,40 puntos. A distribución de equipos establécese por labores e zonas de traballo.

Certos traballos ou labores (como tratamentos fitosanitarios) non quedan perfectamente definidos no organigrama presentado, non quedando recollida a organización de ditas tarefas.

A seguinte puntuación é 5,10 puntos para a proposta da UTE San José-El Ejidillo. Aporta unha ampla e “dilatada” xustificación en canto a medios humanos (tablas, datos, definición do procedemento a seguir, con aclaracións e demais detalles....) que en gran medida é documentación teórica, demasiado explicativa e extensa.

Divide os equipos de traballo por labores e zonas (sen quedar perfectamente identificadas), resultando un número elevado para a magnitude dos medios humanos previstos no contrato (un mesmo operario está presente en varios equipos, e non é posible facerlle un seguemento no tempo). Non se define a correcta organización entre os distintos equipos, a interacción entre eles.

Enténdese que un número tan amplo de brigadas resulta mais eficaz e operativo para o desenvolvemento de servizos de maior magnitude (con maior dotación de medios humanos).

A seguinte puntuación é 4,80 puntos para a proposta da UTE Imesapi-Xérmolo S.A. Establece tamén unha distribución de equipos por zonas e traballos (as cales non están perfectamente definidas); pero, de novo, en número tan amplo de equipos que cada un abarca un número moi reducido de operarios, incluso unipersonal. Non se considera apropiado, tanto operativamente como en materia de seguridade e saúde no traballo (por ex., o equipo de poda cun só operario).

Por outro lado, advírtese desproporcionalidade nos medios asignados a cada equipo de traballo (por ex. o equipo de poda está formado por un xardiñeiro e ten á súa disposición 6 motoserras e 6 cortasebes. Enténdese que ditos medios están desaproveitados).

A seguinte puntuación é 4,20 puntos para a proposta da empresa Valoriza, S.A. Realiza a distribución de equipos de traballo en función das labores; e así mesmo, subdivide certas brigadas, como por exemplo a de limpeza e a de mantemento xeral de zonas verdes en 10 rutas distintas, asignando un operario a cada unha.

De novo considérase que esta distribución sería a mais acorde a un servizo de maior magnitude; pero aplicada á realidade dos espazos verdes de Pontevedra e ós medios humanos disponibles resulta demasiado fragmentada (un equipo dunha soa persoa pode resultar inoperativo).

Por outro lado, non queda clara a distribución no tempo dos equipos. E advírtese o aporte de moita documentación superflua que non aporta nada (elevado número de planos, que non aportan mais que a representación gráfica de certos datos aportados no prego de prescricións técnicas).

Por último, debe destacarse das propostas das UTE´s Audeca S.L.U-Construcciones Obras y Viales S.A. e Arbogal 2007 S.L.-Repoboacións e desbroces de Noroeste S.L. a falta de definición en canto a equipos de traballo, organización do persoal, medios asignados ós diferentes equipos, etc.

Así as puntuacións destas empresas quedan do seguinte xeito:

Audeca S.L.U-Construcciones Obras y Viales S.A.: 3,60 puntos

Arbogal 2007 S.L.-Repoboacións e desbroces de Noroeste S.L.: 3,00 puntos

3.- RELACIÓN DE VEHÍCULOS, MAQUINARIA, INSTALACIÓN E DEMAIS MEDIOS A DISPOSICIÓN DO SERVIZO:

Neste apartado, valoráronse as características específicas dos vehículos, maquinaria, instalacións e demais medios auxiliares destinados ao servizo de tal forma que estes medios non resulten deficitarios pero tampouco sexan desproporcionados con respecto ás necesidades do servizo.

3.1.- VEHÍCULOS:

Neste punto, valoranse as características e a idoneidade dos vehículos postos a disposición do servizo, con arreglo ós criterios de adxudicación fixados. Estableceuse unha puntuación para cada un dos grupos de vehículos que establece o prego de prescripcións técnicas; e dita puntuación é a suma que resulta da valoración obtida para a idoneidade e para as características, con atención ó indicado a continuación.

Así en canto ó apartado de idoneidade, considérase que os vehículos ofertados pola totalidade das empresas licitadoras son idóneos e adaptados ás necesidades do servizo, polo que foron obxecto da máxima puntuación neste apartado.

En canto ó apartado das características, concédese maior puntuación a aqueles vehículos propulsados por enerxías alternativas, menos contaminantes. Así, toda oferta que presenta vehículos eléctricos ou motores combinados con GLP (Gas licuado do petróleo) foi obxecto da maior puntuación. Enténdese que ditos automóviles conlevan unhas mellores características medioambientais. Tamén se valorou positivamente e coa maior puntuación a incorporación nos vehículos de certos complementos como grúa, bivalva, carrocería basculante, plataforma, etc.

Indícase que non foron obxecto de puntuación, no presente apartado, aqueles vehículos para os que nos se aportou as correspondentes características.

As puntuacións obtidas polas empresas licitadoras no apartado de vehículos refléxanse no cuadro que se axunta en **Anexo**.



3.2.- MAQUINARIA:

O procedemento seguido para a valoración da maquinaria proposta é o mesmo que para o caso de vehículos: valoración de características e idoneidade, e para cada un dos grupos de maquinaria referenciados no prego.

Así en canto ó apartado de idoneidade, considérase que en xeral toda a maquinaria ofertada resulta idónea para a execución dos traballos. Acadaron maior puntuación aqueles casos nos que para un mesmo grupo de maquinaria (por exemplo unha desbrozadora) se ofertaron diferentes tipos, o que aporta maior versatilidade ó traballo, así como un correcto axuste de medios á situación ou traballo concreto a desempeñar (en funcións das ventaxas e características de cada un dos tipos).

No apartado das características, indícase de novo que non foi obxecto de puntuación, no presente apartado, aquela maquinaria para os que nos se aportou as correspondentes características (o que imposibilita a súa valoración).

Valorouse positivamente o aporte de maquinaria eléctrica posto que conleva unha fonte de enerxía menos contaminante, así como unha redución da contaminación acústica por tratarse de máquinas mais silenciosas (ademais de resultar óptimo e reducir a interferencia con certos colectivos, como os colexios).

Por último, tamén foi obxecto de puntuación a maquinaria ofertada a maiores da especificada no prego de prescripcóns técnicas.

3.3.- INSTALACIÓNS E MEDIOS AUXILIARES:

Neste apartado valóranse as características específicas das instalacións destinadas ao servizo.

Analizadas as ofertas presentadas polas empresas licitadoras, conclúese que tódalas propostas inclúen a descrición dunhas instalacións acordes ás necesidades do servizo. A maioría presentan unha única ubicación na que se concentrarían tódalas instalacións precisas para un correcto desenvolvemento do servizo.

As empresas Cespa, S.A., Valoriza, S.A. e a UTE Imesapi-Xérmolo presentan, ademais desa nave ou cantón principal, varias instalacións auxiliares distribuídas polo ámbito do contrato e que servirían de apoio. Así outórgase a máxima puntuación, esto é 1,00 punto, ás empresas Cespa, S.A. e Valoriza, S.A. A proposta de Imesapi-Xérmolo, obtén unha puntuación de 0,95 puntos, porque esa descentralización a establece por medio de casetas provisionais, as que se consideran menos adecuadas que se fosen locais fixos e porque a ubicación proposta non parece adecuada.

O resto das empresas valoráronse con 0,90 puntos cada unha.

4.- MELLORAS NOS ESPAZOS VERDES ENCAMIÑADAS A UNHA XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL MAIS SOSTIBLE:

En xeral tódolas propostas apostan pola compostaxe, redución do consumo de auga, do consumo enerxético, da contaminación atmosférica e acústica, así como a reutilización e reciclaxe de residuos.

Destacan as propostas das empresas Cespa, S.A. e Orto Parques y Jardines, S.L. porque ofertan medidas e actuacións que redundan na redución da pegada de carbono que ocasiona a prestación do servizo.

A empresa Orto Parques y Jardines, S.L., ademais da planta de compostaxe, oferta o subministro e plantación de certos árbores e arbustos (53 ud. Grevillea robusta, 35 Ligustrum japonicum e 40 Cedrus deodara)

Por outro lado, a empresa Cespa, S.A. comprométese á construción dunha rede de composteiros de pequenas dimensións na que se entende que conleva unha menor inversión económica que a planta ofertada pola anterior empresa.

Non obstante, enténdese que debe ser obxecto de maior puntuación a empresa Cespa, S.A. por considerar que a rede de composteiros posúe un tamaño e proporción mais adecuados, acordos e mellor adaptados ás características dos espazos verdes de Pontevedra, conformando unha medida suficiente para acoller e abordar os residuos de poda xerados pola prestación do servizo. Ademais, a planta de compostaxe ofertada por Orto Parques y Jardines, S.L. supón destinar unha dotación maior de recursos, tanto humanos como de maquinaria, así como unha dispoñibilidade de solo, por parte do Concello de Pontevedra, considerable.

Por outro lado, en relación coas plantacións ofertadas, considérase que a implantación dos bosques do nudo do Pino e zona Tafisa por parte de Cespa, S.A. é a de maior magnitude, conseguindo unha maior absorción de CO₂ e polo tanto maior repercusión medioambiental, obxectivo principal do presente apartado. Por último, a citada empresa presenta, en canto a medidas encamiñadas hacia un aforro hídrico, cunha definición e cuantificación dos elementos e compoñentes aportados.

Con todo o anterior, e do contraste das proposicións entre sí, concédese a máxima puntuación de 4 puntos á empresa Cespa, S.A.

As demais proposicións, valoráronse proporcionalmente.

5.- XESTIÓN INFORMÁTICA DO SERVIZO:

Revisadas e analizadas tódolas propostas, conclúese que os diferentes programas informáticos ofertados polas distintas empresas licitadoras ofrecen prestacións similares. Todos eles permiten un correcto seguemento e planificación dos diferentes traballos que engloban a prestación do servizo, así como outros aspectos como a xestión do inventario, o control de incidencias, os distintos niveis de comunicación e acceso á información (tanto por parte do persoal da empresa, como do



Concello, como dos cidadanos).

Polo que, cumprindo os obxectivos fixados no prego de prescricións técnicas, tódolos programas informáticos son óptimos e adecuados, obtendo cada un deles a máxima puntuación para este apartado.

A continuación, en Anexo, móstranse as puntuacións acadadas en cada un dos apartados analizados, e para cada empresa licitadora.

E unha vez confeccionadas ditas puntuacións, elaborouse a tabla RESUME axunta coas puntuacións totais das distintas empresas para o **SOBRE B.**

O que se da traslado para o seu coñecemento ós efectos oportunos.

Pontevedra, 9 de xullo de 2015

A TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE

A TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE NATURAL

Fdo.: M^a. Isabel Couselo Torres

Fdo.: María del Carmen Formoso Beloso

PROCESO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE “MANTENIMIENTO Y CONSERVACIÓN DE DETERMINADAS ZONAS AJARDINADAS Y ARBOLADO VIARIO DEL MUNICIPIO DE PONTEVEDRA”

CADRO RESUME

Nº. DE OFERTA:	NOME DA EMPRESA	VALORACIÓN TOTAL DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN RELATIVOS AL SOBRE B (CRITERIOS DEPENDENTES DE XUÍZOS DE VALOR)
1	ORTO PARQUES Y JARDINES, S.L.	33,785
2	CESPA, S.A.	33,559
3	ELSAMEX, S.A.	33,990
4	AUDECA S.L.U.-CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	22,062
5	ARBOGAL 2007 S.L.-REPOBOACIÓNS E DESBROCES DE NOROESTE S.L.	22,541
6	SAN JOSÉ-EL EJIDILLO	30,224
7	IMESAPI-XÉRMOLO S.A.	28,269
8	VALORIZA, S.A.	28,439



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURA, ENXEÑERÍA E SERVIZOS

ANEXO: